



En Camiño

Boletín informativo das parroquias de
Santa María da Franqueira, San Bartolomeu da Lamosa e Santiago de Prado da Canda

Ano II. Nº 9-10. Xuño- xullo 2022

Limiar: GRAZAS NOSA NAICIÑA

Benqueridos amigos e amigas, perdoade a tardanza en volver publicar o boletín informativo. Como ben supodes, estas semanas foron intensas, non so pola celebración da Romaría das Pascuillas e os seu preparativos, senón, despois a Semana da Caridade, que é unha celebración importante no equipo de Cáritas diocesana e na nosa interparroquial.

Quero compartir convosco o agradecemento á Virxe María, que, coma o grupo apostólico nos reuniu na Franqueira para celebrar a forza coa que o Espírito santo impulsa a súa Igrexa. Quero felicitarvos a todos polo esforzo e o traballo de que todo saíse tan ben a pesares do mal tempo que tivemos. Peregrinaron 60 imaxes, coas súas comitivas. Na Misa solemne participaron máis de 8.000 peregrinos. Distribuíronse máis de 2.000 comunións e moita xente recibiu o Sacramento da Reconciliación. Si en algo destacou esta edición foi polo silencio e a sinxeleza. A ofrenda foi unha declaración de amor a María e a petición polos que sufriron e sufren a COVID e a guerra. Considero que foi exemplar o comportamento de todos e a vivencia deste día de oración. Doulle as grazas ás parroquias, os sacerdotes, ao señor bispo e aos voluntarios. Graciñas a todos. Xabier Alonso



MISA DO COMEZO DE MES POLAS INTENCIÓNS DO PAPA E OS DEFUNTOS

Os días e horarios son os seguintes

Prado da Canda: 7 de xullo ás 7 da tarde

A Lamosa: 8 de xullo ás 7 da tarde

A Franqueira: Sábado 9 de xullo 5,30 da tarde, Rosario e Misa



A intención do Papa para este mes é:

Recemos por los ancianos que representan las raíces y la memoria de un pueblo, para que su experiencia y sabiduría ayude a los más jóvenes a mirar hacia el futuro con esperanza y responsabilidad.

PALABRAS DEL PAPA

La vejez no es una enfermedad, es un privilegio. La soledad puede ser una enfermedad, pero con caridad, cercanía y consuelo espiritual podemos curarla. [...] Dios tiene un pueblo numeroso de abuelos en todo el mundo. Hoy en día, en las sociedades secularizadas de muchos países, las generaciones actuales de padres no tienen, en su mayoría, la formación cristiana y la fe viva que los abuelos pueden transmitir a sus nietos. Son el eslabón indispensable para educar a los niños y a los jóvenes en la fe. Debemos acostumbrarnos a incluirlos en nuestros horizontes pastorales y a considerarlos, de forma no episódica, como uno de los componentes vitales de nuestras comunidades. No sólo son personas a las que estamos llamados a ayudar y proteger para custodiar sus vidas, sino que pueden ser actores de una pastoral evangelizadora, testigos privilegiados del amor fiel de Dios.



XORNADA MUNDIAL DOS AVÓS E DOS MAIORES

Por segundo ano, o Papa Francisco, convoca a todos os membros da Igrexa a celebrar unha xornada especial dedicada ás persoas maiores. Co lema “Aínda na vellez seguirán dando froito” tomado do salmo 92, é unha invitación a reafirmar, como o leva facendo desde hai meses nas catequese, unha visión da realidade da vida das persoas maiores agradecida e testemuñal dunha fe forte e afianzada no amor. Tamén é unha invitación a que nos comprometamos a facer unha sociedade na que se exerza a memoria, lembrando o que os máis vellos fixeron por todos. Esta casa común na que vivimos foi descubriendo os valores fundamentais da construción social grazas ao compromiso e o sacrificio dos que agora teñen unha morea de anos. Fixeron sociedades máis igualitarias e democráticas, un mundo en progreso e xusto, e baixo o paraugas dunha fe recibida e madurada na oración e na vida eclesial. Daremos conta das actividades que imos organizar con motivo desa xornada na que nos uniremos a toda a Igrexa

ORACIÓN PARA LA JORNADA MUNDIAL DE LOS ABUELOS Y DE LOS MAYORES

Te doy gracias, Señor,
por la bendición de una larga vida
porque, a los que se refugian en Ti
les concedes dar fruto.
Perdona, Señor,
mi resignación y desanimo,
pero no me abandones
cuando desfallecen mis fuerzas.
Enséñame a mirar con esperanza
el futuro que me das
la misión que me encomiendas
y a cantar tus alabanzas sin fin.
Hazme un tierno artífice
de Tu revolución,
para custodiar con amor a mis nietos
y a todos los pequeños que buscan refugio en Ti.
Protege, Señor, al Papa Francisco
y concede a tu Iglesia
liberar al mundo de la soledad.
Dirige nuestros pasos por el camino de la paz.
Amén.



SAN BIEITO

No día 11 de xullo celebramos a festividade do santo abade San Bieito, tan querido na nosa terra e tan venerado. Que lle podemos agradecer? Que nos axuda a ter un método de lectura e oración coa Palabra de Deus, un espírito aberto á contemplación, unha actitude de acollida da vontade de Deus, e, quedémonos co lema da súa regra “non antepor nada ao amor de Cristo”. Que lle podemos pedir? Serenidade ante as dificultades, actitude de fraternidade ante os demais, un corazón dócil ao amor, saúde e espírito e vida de oración máis intensa.

Teremos as celebracións co seguinte horario:

A Lamosa ás 10 da mañá

Prado da Canda ás 11

A Franqueira ás 12 Misa solemne e procesión e Misa ás 8 da tarde

LOS TIEMPOS DEL VERANO

Os presento un artículo para el verano, tiempo de descanso y vacaciones

Las vacaciones pueden ser un **momento para acordarnos del relato del Génesis**. Dios Padre, después de finalizar su obra y ver que era muy buena, al séptimo día, descansó. Podemos convertir nuestro tiempo estival en ese séptimo día que nos ayuda a contemplar lo realizado durante el año y ver que «ha sido muy bueno».

Quizá, por miedo a caer en la vanagloria, no nos paramos a contemplar lo que hacemos, pero hemos de **dar gracias a Dios**, no sólo por lo que hacen los demás sino también por lo que nosotros mismos hacemos, porque así contribuimos al plan de Dios. Todos hacemos cosas buenas. El verano puede ser un tiempo para volver la vista atrás y hacer balance del año, comenzando siempre por dar gracias.

Este tiempo que ahora comenzamos nos lleva de la mano a un ritmo distinto. El comienzo puede ser para **parar y descansar**, recuperar horas de sueño y, sobre todo, recuperar una mirada que vaya más allá de lo inmediato. Esa mirada que nos ayuda a **fijarnos en lo bueno** de nuestra vida, en tanto bien recibido este año y a lo largo de nuestra vida.

El verano es también **tiempo de profundidad**. En ese bucear en lo profundo puede ayudarnos la contemplación de la naturaleza. La playa con sus atardeceres, el monte con tanta variedad de vida, el campo que prepara sus frutos para la cosecha... nos hablan de la presencia misteriosa de Dios en su creación.

El verano, si lo vivimos con generosidad, puede ser también **tiempo para los reencuentros**. Podemos recuperar relaciones con amigos o familiares que las prisas del año han ido erosionando. Una buena conversación por la mañana con un buen café o por la noche mientras compartimos la mesa, son regalos que nos traen este tiempo.

Y el verano, además, puede ser **tiempo para reencontrarnos con Dios**. Hemos de partir de la máxima ignaciana «buscar y hallar a Dios en todas las cosas» y saber que todo lo anterior podemos vivirlo como búsqueda y relación con el Señor. Sin embargo, podemos encontrar en las vacaciones tiempos privilegiados para la celebración tranquila de la Eucaristía y para la oración personal. **Oración** que podemos hacer paseando, o contemplando el paisaje, leyendo la Palabra de Dios o en el silencio de nuestra habitación...

El verano es tiempo de reencuentro. **Reencuentro con uno mismo, con los amigos y familiares y con el Señor** que nos da, un año más, el regalo de parar y cambiar de ritmo. Escuchemos su voz que nos dice también a nosotros: «Venid vosotros a solas a un lugar desierto a descansar un poco» (Mc 6, 31).

Antonio Bohórquez, sj



A Virxe María do Monte Carmelo

O labor da Igrexa ábrese a todas as realidades humanas, non so como resposta ás necesidades das persoas, senón como fidelidade ao envío do señor a levar unha mensaxe de ben, a cercanía do consolo e a mirada de esperanza. No día da Virxe do Carme pomos a lembranza e o noso afecto polas xentes da mar.

Desde aquí queremos enviar o noso apoio ao Apostolado do Mar, un grupo de crentes que se comprometen a acompañar ás xentes do Mar: mariñeiros e as súas familias, migrantes que están enrolados nos barcos, e todo o que nisto significa o traballo, a soedade, a lonxanía da familia e os perigos do mar. Lembremos ás vítimas dos naufraxios.

Na lamosa celebramos a Misa en Honor da Virxe do Carme o Sábado 16 de xullo ás 12,15 da mañá seguida da procesión.

XULLO. Mes de Santiago

Por primeira vez na historia celebramos un xubileo compostelano en dous anos: 2021-22, pois a causa da pandemia, a Santa Se autorizou a prorrogar e posibilitar que as grazas da gran perdonanza puidesen ser celebradas durante este ano. Na nosa terra descansan para a súa veneración os restos do Apóstolo, amigo do Señor, noso patrón e amigo, que nos devolve coa súa presenza a frescura e a vitalidade de dicirlle si a chamada que Xesús nos fai. Home rexo e forte, pescador e mariñeiro, que gañou o corazón de Cristo para si na amizade dos momentos máis íntimos, a el pedimos nos conceda unha peregrinación serea e ditosa polos vieiros da vida.

Na parroquia de Prado da Canda teremos a Misa solemne do 25 de xullo, festa do patrón, ás 12,15 da mañá seguida coa procesión da venerada imaxe.





reconducimos con emotividade retomar volver a facer o camiño da Franqueira. Quero felicitaros a todos.



Tamén tivemos a Cañiza. Os alumnos de actividade consistente santuario. Fixeron uns parroquia e o seu realizaron un da imaxe e rezaron as entrar no enlace que máis a fondo en internet esta actividade.

Na novena tivemos a visita dun grupo de refuxiados ucranianos que se uniron á parroquia de Balneario. Ao finalizar a Misa unha dela quixo deixarlle como lembranza á Virxe un anel de prata. Reproducimos nesta foto o intre en que foi posta na imaxe. Foi un xesto de confianza en María a quen lle pedimos o cese das hostilidades e a paz en todo o mundo, pois son moitos os conflitos armados que existen no noso planeta.



visita do Colexio da relixión prepararon unha en coñecer a romaría e o robots co nome de cada patrón e padroa. Con eles pequeno camiño diante súas oracións. Podes che poño e coñecerás

<http://navegandoconxesus.blogspot.com/2022/07/las-pascuillas-robotizadas.html?m=0>



Tamén puidemos contar coa presenza dun grupo de sacerdotes da arquidiocese de Santiago de Compostela que peregrinaron ao santuario. Celebraron a Misa e rezaron á Nosa nai-ciña o día de Xesucristo Sumo e eterno sacerdote, pedindo polas vocacións e o labor dos pastores nas parroquias. Moitas grazas.

OUTRAS NOVAS

Sagrado Corazón en Prado da Canda

Temos celebrado, coa súa novena a festividade do Corazón de Xesús en Prado. A choiva obrigou a que a procesión fose arredor da igrexa no seu carro tan especial e antigo. Conforme á tradición os cativos foron os protagonistas.



Alfombra floral na Lamosa

No día de Corpus os veciños da Lamosa confeccionaron unha fermosa alfombra dentro da igrexa para honrar o paso do Señor Sacramentado. A pomba da paz era a mensaxe central para convidarnos a construír un mundo mellor.



SANTO CRISTO DA SAÚDE

Como preparación para a festividade do Santo Cristo da Saúde na Lamosa para o vindeiro mes de agosto, decidiuse levar a súa

imaxe a restaurar. Os carpinteiros son os que terán máis labor pois a súa peana está moi deteriorada, as pezas dos anclaxes moi estragados e a madeira necesita ser tratada. A policromía necesita unha fonda limpeza e recuperar a antiga. Agora so nos queda esperar a que todo vaia conforme aos prazos e confiamos en que resulte un éxito. Esta imaxe é de feitura típica da imaxinería portuguesa, e posiblemente, sexa consecuencia das relacións da zona da emigración ao país veciño. Podería ser datada no século XVIII.



SAN ROQUE

No día 16 de agosto queremos recuperar a convivencia interparroquial que vimos de celebrar os anos pasados. É unha oportunidade para reunirnos e facer irmandade entre as tres parroquias e pasar o día xuntos





Foto do mes

Recordos.

Moitos deles frescos, outros mais distantes, difuminados algúns. Alguén que te coñece lembra algunha vivencia en común, pero a min non me aparece. Isto foi para min foi a miña experiencia deste ano nas Pascuillas, recordos.

Francisco Rocha

